

---

**O grupo municipal do PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.4532-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

---

## **MOCIÓN ATENCIÓN PRESENCIAL NA ADMINISTRACIÓN**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Durante a pandemia establecéronse sistemas de cita previa para que os cidadáns puideran recibir atención personalizada nas oficinas públicas e rexistros da Administración, entre eles no Concello de Caldas de Reis e así respectar as normas de protección fronte os efectos da COVID-19.

Pero a crisis sanitaria xerada pola pandemia en realidade veu a acentuar unha situación que xa se estaba practicando con anterioridade. Así o denunciou o Consejo de la Abogacía e numerosos xuristas que alertan sobre o uso ilegal de este sistema para acceder os servizos públicos administrativos, que parece que teña que ser unha obriga en lugar dunha opción.

A esixencia de cita previa, moitas veces difícil de obter nun prazo razoable ou a necesidade do uso de medios tecnolóxicos inaccesibles para unha boa parte da poboación, deterioran gravemente a atención de calidade que o cidadán merece por parte das administracións públicas.

A cita previa debe ser un sistema opcional e complementario de atención ao cidadán, non debe constituír a única vía de relación coa Administración.

Esta obrigatoriedade resta dereitos aos cidadáns e imponlles unha relación cos poderes públicos de forma electrónica, para a que moitos deles non están familiarizados ou residen en localidades con pouco ou mal acceso a rede de internet.

A Constitución obriga a Administración a servir con obxectividade e eficacia os intereses xerais e a promover as condicións para que os cidadáns poidan exercer con plenitude os seus dereitos, entre eles, o ser atendidos de forma presencial.

Así, dende 1978, as diferentes normas aprobadas sobre o funcionamento da administración pública foron para favorecer aos cidadáns e respectar os seus dereitos, como o de acudir aos rexistros públicos para presentar solicitudes ou calquera documentación, ou ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregados públicos, facilitarlles o



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigacións. Tanto a actual lei do Sector Público como a de Procedemento Administrativo así o establecen nos seus principios inspiradores.

A caracterización da Administración como un ente instrumental o servizo da cidadanía converteuse nunha idea transversal o longo destes anos, así o demostra a idea recollida na Exposición de Motivos da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando expresamente establece que “os modelos administrativos deben construírse sempre en función dos cidadáns, e non o revés”.

Faise pois máis necesario que nunca garantir que a relación coa administración electrónica sexa voluntaria e en ningún caso obrigatoria, e denunciar que xa non existe ningunha norma legal que autorice a cita previa obrigatoria, xa que a súa excepcionalidade desapareceu co fin da pandemia.

Situacións como a sinalada polo Defensor del Pueblo, de que unha garda de seguridade se converta nun filtro de acceso a Administración, ou que a obtención do Documento Nacional de Identidade tarde máis de dous meses en ser expedido mediante cita previa, non poden pasar a ser aceptadas con normalidade.

É inconcibible que o actual Goberno se esqueza de promover o acceso fácil e xeneralizado a un servizo básico e esencial nun sistema verdadeiramente democrático como é o da atención o cidadán, levantando as barreiras que impiden o acceso a administración electrónica ou propiciando a atención presencial e personalizada.

Pero tampouco se pode permitir que algunhas administracións estean usando e abusando da cita previa obrigatoria sen o máis mínimo amparo legal para facelo, en claro dano aos dereitos básicos dos cidadáns e só pola súa propia conveniencia.

En Caldas de Reis levamos moito tempo en esta situación, non pode ser que un veciño dunha parroquia se desprace o casco urbano e non poida facer ese mesmo día a xestión, que chegue o Concello e que teña que pedir cita para voltar outro día, así como, durante este temo de atención exclusiva con cita previa, resulta inexplicable que non existira un terminal a disposición dos veciños para, o atoparse ca necesidade de cita previa, poder obter no momento a súa cita, e se non existise xente en atención en ese momento que a emitira para ese mesmo instante.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Caldas de Reis presenta ao Pleno a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDOS**

**PRIMEIRO.-** Que o Concello de Caldas de Reis, suprima con carácter inmediato a necesidade de cita previa.



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

**SEGUNDO.-** Solicitar o Goberno de España que fomente a administración aberta, a que o veciño poida acceder sen necesidade de cita previa con carácter obrigatorio para ser atendido, e establecer o carácter opcional e complementario da mesma.

**TERCEIRO.-** Instar a outras administracións que aínda teñan a atención o cidadán exclusiva con cita previa, que adopten con carácter de urxencia, as medidas necesarias sinaladas no acordo anterior, para que a cita previa nos seus servizos administrativos deixe de ser unha condición obrigatoria para o dereito a ser atendido que ten calquera persoa de acordo coas leis e la Constitución.

**CUARTO.-** Estudar e analizar a posibilidade de que haxa unha atención prioritaria e preferente para os maiores de 65 anos nas oficinas de atención ó cidadán e rexistros.

**QUINTO.-** Avanzar no uso das novas tecnoloxías que permitan evitar desprazamentos innecesarios as sedes municipais e aforrar tempo aos cidadáns para conseguir unha Administración máis áxil, eficaz e o servizo do cidadán.

**SEXTO.-** Promover as condicións para un acceso fácil a administración electrónica, especialmente en núcleos rurais e alonxados das redes de internet.

**SEPTIMO.-** Requirir o Instituto Nacional da Seguridad Social e a Tesorería General da Seguridad Social, que se poñan o día a atención persoal os cidadáns, recortando os días de asignación de cita, e que se reforcen o seu persoal para desatascar o enorme número de expedientes que se atopan atascados en lista de espera, moitos deles de resolución de prestacións que os cidadáns precisan con carácter de urxencia.

**OCTAVO.-** Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, aos ministerios de Presidencia, de Hacienda, de Interior, da Seguridad Social e de Justicia, a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e no Senado, así como aos membros da Xunta de Goberno de la FEMP.

En Caldas de Reis a 16 de marzo de 2023  
O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**

